



¿Con que autoridade me arrebatas el alma?

Beatriz García Traba, Cicely, Madrid, 2023

Non é a luz o que me cega,
é a súa ausencia

Espiritualidade e poesía van da man neste pequeno e profundo libro co que Beatriz García Traba, como ben narra o seu título, arrebatada a nosa alma. Beatriz García Traba é unha muller difícil de clasificar, que se resiste a ficar encerrada en ningunha casa: historiadora, antropóloga, arquiveira, educadora, activista, nai, defensora dos dereitos das mulleres presas e comprometidas en buscar alternativas á 'prisionización', poeta etc. Mais sobre todo Beatriz é unha muller crente e contemplativa do evanxeo na vida, unha mística desde o corazón do cotián, que bebe da fonte da espiritualidade de Charles de Foucauld e Madeleine Delbrel.

Profundarmos neste libro de poemas ou «salmiños» *de vida*, como os denomina a autora, parécese á aventura máxica de introducírmonos no fondo dun calidoscopio e percibir a realidade con novos matices desde a súa sinxeleza e fondura.

A través de sete palabras: *Procura, dor, encontro, sufrimento, vida, soidade, desexo* os poemas van despertando a unha realidade impactante, infinita, clara, sincera que emerge tamén en nós e mobiliza o desexo de «derreter as fronteiras e abater os muros» que nos impiden deixármonos afectar pola profundidade da vida e o seu misterio.

Especialmente interesantes son os poemas, a modo de *haikus*, inspirados por textos bíblicos:

*Retumba todo y nada se oye
¿o nadie lo escucha?
Los oídos sangran
Las manos lloran
Las piernas se derriten
¿Quién lo siente?
Algún día los ojos volverán al
cielo y el corazón a la tierra.
(XI 4, 12-21)*

Mais pode un libro íntimo, como este chegar a ser tamén un libro político? Sen dúbida, porque a realidade contemplada fere e urxe a denuncia e transformación entre moitas mans e consciencias, como o capítulo inspirado polas mulleres presas que nos suxire:

*Creen que estáis muertas
que no sois capaces de reír,
que no tenéis sueños ni
esperanzas
Dicen que dais miedo
pero solo dais amor.
(2 Cor 6, 1-10)*

*¿Con que autoridad me
arrebatas el alma?* é un libro «alimentado polo silencio dos anos» e escrito desde mapas e topografías moi diversas. Como se nos di no Prólogo:

*Desde la piel,
desde el interior,
desde la diferencia,
desde el arrebato,
desde un lugar
que no ocupa lugar,
desde lo diminuto,
desde la sencillez,
desde el canto de la vida
desbaratada.*

Internarnos na súa lectura é deixarnos provocar e conmocionar por unha experiencia: a da nudez e a profecía.

Pepa Torres Pérez
Traduciu Xesús Ledo Patao